

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

7.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE COMPATIBILIDADE AO CONCELLEIRO D. ANGEL BARREIRO RODRIGUEZ.

Ao tratarse dun asunto non ditaminado por Comisión Informativa, antes de entrar no debate e votación do asunto, procede ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e sete abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 PXC), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

A sra. alcaldesa da conta da proposición do 19 de xullo de 2023, que se recolle a continuación.

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Concesión da compatibilidade ao concelleiro Ángel Barreiro Rodríguez

Considerando que a Resolución da Alcaldía de data 27 de xuño de 2023 resolveu nomear a Ángel Barreiro Rodríguez concelleiro de Desenvolvemento industrial e Economía local.

Considerando que o Pleno da Corporación, na súa sesión extraordinaria do 30.06.2023 aprobou a dedicación parcial, cunha dedicación do 50% da xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para a Concellaría de Desenvolvemento industrial e Economía Local.

Vista a documentación que obra no expediente tramitado ao efecto.

Tendo en conta que concorren razóns de urxencia que motivan a presente proposta, coa fin de que o concelleiro poda realizar as funcións que lle foron encomendadas no seu día e deste xeito non se vexa paralizada a actividade na área de xestión da súa competencia.

Consecuentemente, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Ángel Barreiro Rodríguez, concelleiro de Desenvolvemento industrial e Economía local deste Concello, cunha dedicación do 50% da xornada, a compatibilidade co seu actual emprego por conta allea nunha empresa privada, por entender que non impide nin menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes nin prexudica os intereses xerais; nin se compromete a súa imparcialidade e independencia, así como, por non afectarlle ningunha das circunstancias que fan incompatible o exercicio de actividades privadas recollidas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, debéndose respectar no exercicio da devandita actividade as esixencias contempladas no devandito precepto, facendo expresa mención ao desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares,

nos asuntos en que estea intervindo, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público, incluíndose en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

SEGUNDO.- Notificar o Acordo adoptado ao interesado, quen deberá presentar declaración sobre o recoñecemento de compatibilidade.

Teo, 19 de xullo de 2023

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

(...)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e sete abstencións (3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 1 PXC), acorda:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Ángel Barreiro Rodríguez, concelleiro de Desenvolvemento industrial e Economía local deste Concello, cunha dedicación do 50% da xornada, a compatibilidade co seu actual emprego por conta allea nunha empresa privada, por entender que non impide nin menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes nin prexudica os intereses xerais; nin se compromete a súa imparcialidade e independencia, así como, por non afectarlle ningunha das circunstancias que fan incompatible o exercicio de actividades privadas recollidas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, debéndose respectar no exercicio da devandita actividade as esixencias contempladas no devandito precepto, facendo expresa mención ao desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, nos asuntos en que estea intervindo, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público, incluíndose en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

SEGUNDO.- Notificar o Acordo adoptado ao interesado, quen deberá presentar declaración sobre o recoñecemento de compatibilidade.

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que

se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Visto e prace

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz